

INICIATIVA PARA A CONSTITUCIÓN OU PARTICIPACIÓN NUNHA SPIN-OFF

DESCARGAS

DECRETO
141/2018, do 25 de outubro, polo que se regula a protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación, desenvolvimento e innovación no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia.

I. A creación dunha nova spin-off ou a participación nunha xa existente poderán ser promovidas polas entidades incluídas no ámbito de aplicación [deste decreto](#), ben a iniciativa propia ou ben a iniciativa do persoal investigador que preste os seus servizos nelas.

II. As entidades ou o persoal investigador que estivese interesado na constitución dunha nova spin-off ou na participación nunha spin-off xa creada, **deberá presentar perante a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde unha solicitude** que deberá ir acompañada, en todo caso, da seguinte documentación:

1. Memoria na cal figure o/a investigador/a ou composición do equipo investigador, a súa vinculación co Sistema público de saúde de Galicia, así como as posibles incompatibilidades en que puidesen incorrer
2. Memoria detallada sobre a tecnoloxía ou coñecemento e os resultados da investigación que se pretendan explotar comercialmente, con indicación da súa titularidade e dos beneficios que se pretenden obter
3. Xustificación da proposta de participación das entidades incluídas no ámbito de aplicación do decreto no capital social, de ser o caso, e beneficios que achegaría a súa participación na empresa
4. Xustificación da proposta de participación de cada un dos/das socios/as
5. Plan de empresa que permita valorar a súa viabilidade técnica e financeira
6. Relación detallada dos recursos propios das entidades incluídas no ámbito de aplicación deste decreto que se pretendan emplegar para a constitución da spin-off

III. No caso de que se solicite a participación nunha spin-off xa constituída, deberá presentarse, ademais da documentación recollida no punto II:

1. Escritura de constitución
2. Estatutos sociais e demais pactos subscritos entre os/as socios/as
3. Certificados emitidos pola Axencia Tributaria e a Tesouraría da Seguridade Social que acrediten que a compañía está ao día das súas obrigas ante ambas as dúas administracións
4. Contrato de transferencia de resultados da investigación
5. Información financeira da empresa

IV. No caso de que se solicite a constitución dunha nova spin-off, deberá presentarse, ademais da documentación recollida no punto II:

1. Borrador da escritura de constitución
2. Borrador dos estatutos da sociedade mercantil
3. Borrador do contrato de socios